


Especial  
25 aniversario do  
CEIP de  
Ponte Sampaio

# ALOUMIÑOS



Nº 23 - Ano XVII - CEIP de Ponte Sampaio 2008

# SUMARIO

Sumario .....	1
Limiar .....	2
50 aniversario do Chupa Chups .....	3
O Medo .....	4
Quixera ser ... ..	6
Bicentenario da guerra da Independencia .....	7
Xosé M <sup>a</sup> Álvarez Blázquez .....	8
E. Infantil 3-4 anos .....	10
Mortadelo e Filemón cumplen 50 anos .....	11
Fomos noticia .....	12
Poesías: “En Ponte Sampaio” “ O ceo, as nubes” ..	13
Xanela aberta: “A pantasma rara e Martín” .....	14
Medas e bardeiros .....	18
A voz do Verdugo .....	22
Programación cultural “Día das Letras Galegas” ..	24
Ano bisesto .....	25
Say a poem .....	26
Supermercado na mar .....	27
O Sol .....	28
Excursión ao Verbum .....	29
Hipogrifo .....	30
Ave Fénix .....	31
Instrumentos populares galegos .....	32
E. Infantil 5 anos .....	35

## **Escolma de traballos dos números anteriores**

Prantas medicinais da bisbarra .....	36
Ponte Sampaio: Convivencia entre costumes .....	38
Unha anexión conveniente .....	40
Estrela, ¿onde vas? .....	41
A cama do home .....	42
Pedro Madruga .....	43

O Equipo de Normalización Lingüística manifesta que algúns traballos presentan incorreccións lingüísticas propias das idades dos alumnos/as. Aínda sendo comentadas e explicadas polo profesorado responsable, non foron correxidas, respectando na maioría dos casos a presentación orixinal.

E.N.L.


Con este curso van 25 desde que o Colexio de Ponte Sampaio colgou o cartel de *“Están abertas as portas para tódolos nenos e nenas que queiran aprender”*. Desde entón pasaron polo centro varios centos de alumnos e alumnas e máis de 70 profesores e profesoras impartiron docencia nas súas aulas.

Cantas explicacións, exercicios, controles, saídas culturais, festivais e celebracións se terán feito en tanto tempo!

Este vintecinco aniversario é un bo momento para as lembranzas do pasado, pero tamén para novos plantexamentos de futuro. As portas seguen abertas para novos alumnos e alumnas, sexan de Ponte Sampaio, de Canicouva, de Arcade, de Soutomaior, de Paredes, ..., e eu seguirei coa miña teima de ir recollendo algúns dos seus traballos para amosárllelos a todos vostedes cando se achegue o remate do curso.

Parabéns e felicidades, CEIP de Ponte Sampaio

ALOUMIÑOS



# CHUPA CHUPS



# aniversario

Chupa Chups é unha compañía española adicada á fabricación e venda de piruletas. Foi fundada polo empresario catalán Enric Bernat, en 1958.

Entre 1956 e 1957 tivo a idea de facer un caramelo que se puidese coller cun pau. O feito de que os maiores consumidores de caramelos fosen os nenos e as nenas e que estes acostumaban a sacalos da boca coa man para ver como se consumían, foi a inspiración que motivou tal decisión.

En 1958 comercializouse en España o primeiro Chupa chups que custaba unha peseta.

En 1995 Chupa chups convertíase no primeiro caramelo con pau consumido no mundo.



Publicidade de chupa chups en Sofía (Bulgaria)



Co obxecto de conquistar os mercados exteriores, o produto precisaba dun logotipo que espertase atención. O xenial pintor Salvador Dalí foi o responsable do seu deseño.



Salvador Dalí


En xullo de 2006, a empresa italo-holandesa Perfetti Van Melle, compraba aos herdeiros de Enric Bernat (falecido en 2003) a maioría do capital da empresa.

Na actualidade, a produción anual é de 17.000 toneladas sendo a produción diaria de, aproximadamente, 12 millóns de unidades.



Spice Girls

Personaxes famosos como Johan Cruyff, Rivaldo, Harrison Ford, Madonna, Giorgio Armani ou o grupo Spice Girls, protagonizaron campañas e amosáronse en público consumindo este caramelo.



Johan Cruyff



Madonna

Alumnado de 4º  
Aula de Informática

# O MEDO



o medo e algo que temos dentro do noso corpo.

Quando erras os ollos e te sube unha araña polo corpo.

 Silencio e a Alma do Medo

Todos a temos e sempre a tenemos.

Dado arropo e te sentes solitario.

o medo e unha sensación imaxinada polo ser humano



o medo é unha cousa moi, moi pesada que nunca te deixa en paz.



Medo témolo dentro, aínda que parece  
que ven de fora.



Medo é horroroso.  
Pero non te asustes, o imaxinas.

Medo é increíble. Pero non hai porque avergonzarse de telo.  
É unha sensación que entra de agora a dentro.

Qu. medo é terror,  
incluso nas películas ou publicidade.



Medo é aterrador.  
Cando tes medo non sentes o corpo.

Amma
























Tenho medo a oscuridade.

Tenho medo a estar soas.

Tenho medo aos secuestrados e aos monstros.

Tenho medo a.....

# QUIXERA SER...

-  Quixera ser un  tulipán,  
 e colocarme na tío.  man.
-  Quixera ser un **ROCKEIRO**  
 e ~~VIAJAR~~ polo  MUNDOP enteiro.
-  Quixera ser bombeiro  
 e gañar moito diñeiro.    
-  Quixera ser malabarista  
 para ser un artista.
-  Quixera ser unha  flor,  
 e que me probaran co olor. 
-  Quixera ser un   
 e botar a       



ALUMNADO DE 3º

## Bicentenario da GUERRA DA INDEPENDENCIA

O levantamento do 2 de maio de 1808 marca o inicio da guerra contra a invasión francesa de España, a **Guerra da Independencia**. Tralo fracaso no seu intento por conquistar Inglaterra, Napoleón Bonaparte decide invadir Portugal. Para isto firma con Manuel Godoy, valido de Carlos IV, o Tratado de Fontainebleau, mediante o cal España e Francia acordan a invasión conxunta de Portugal. España autoriza o paso de tropas francesas polo territorio español, para poder levala a cabo. Porén, as tropas pouco a pouco proceden



**NAPOLEÓN BONAPARTE**

á ocupación das cidades españolas como Burgos, Salamanca, Pamplona, San Sebastián, Barcelona ou Madrid. Deste xeito, Madrid é ocupada polo xeneral Murat e Fernando VII obrigado a abdicar en Xosé Bonaparte. Murat solicitou, segundo parece, en nome de Carlos IV, o traslado a Baiona da raíña de Etruria e do infante Francisco de Paula. Malia que a xunta de goberno se negou nun principio, na reunión da noite do 1 ao 2 de maio cede finalmente.

### 2 de maio de 1808, o levantamento



*LA DEFENSA DEL PARQUE DE MONTELEÓN*  
**SOROLLA**

O pobo de Madrid concentrouse diante do Palacio Real para protestar por todo o que estaba acontecendo. Murat, aproveitou o tumulto e a confusión e disparou contra a multitude, acompañado da artillería. O pobo reacciona e os ataques esténdense por toda a capital. Malia que a resistencia contra o avance francés foi moito máis eficaz do que Murat previra, especialmente na Porta de Toledo e a Porta do Sol, os focos de aguante foron caendo con desapiadados acoitelamentos. deaolacións. detencións. ...

Mamelucos e lanceiros napoleónicos estremaron a súa crueldade co pobo madrileño. Centos de españois, homes e mulleres e soldados franceses morreron nesta liorta.

### O tres de maio, a represión

A represión contra estes ataques foi cruel. Murat pensou en controlar á administración e ao exército español; aplicar un rigoroso castigo aos rebeldes e afirmar que era el quen gobernaba España. A tarde do 2 de maio firmou un decreto no que ordenaba a entrega de tódalas armas. No Salón do Prado e nos campos da Moncloa fusilouse a centenas de madrileños. Quizais uns mil españois perderon a vida no levantamento e os subseguintes fusilamentos.



*EL TRES DE MAYO DE 1808 - GOYA*



Anda, neninã,  
deixas estar,  
e imos brincar  
nas cunchas do mar.



XOSÉ MARÍA  
ÁLVAREZ  
BLÁZQUEZ



1º CURSO DE E. PRIMARIA



E. INFANTIL  
3-4 AÑOS



ALUMNIOS

MORTADELO E FILEMÓN cumplen 50 anos



Alumnado de 4º  
Aula de Informática

A finais de 1957, o debuxante Francisco Ibañez terminou a primeira historieta de Mortadelo e Filemón, que aparecería publicada na revista "Pulgarcito" o 20 de xaneiro de 1958. Desde ese día téñense vendido máis de 150 millóns de exemplares dos 150 álbumes publicados e téñense traducido a máis de 10 idiomas.


O debut cinematográfico destes personaxes tivo lugar no ano 2003 coa película "La gran aventura de Mortadelo y Filemón". No ano 2008 estreouse "Mortadelo y Filemón. Misión salvar la tierra".

Mortadelo e Filemón non sempre foron como os coñecemos hoxe. Comezaron sendo unha parodia de Sherlock Holmes e o Doutor Watson. Mortadelo non se despegaba do seu paraugas, Filemón da súa pipa, e ambos levaban sombreiro. Co tempo tamén eles cambiaron e desfixéronse do paraugas, da pipa e dos sombreiros, entre outros cambios.



Francisco Ibañez Talavera naceu o 15 de marzo de 1936 en Barcelona. Publicou o seu primeiro debuxo aos sete anos, na revista "Chicos". No ano 1957 deixa o seu traballo no Banco Español de Crédito para adicarse exclusivamente ao seu labor como debuxante.

Ademais de Mortadelo e Filemón, é o creador de personaxes tan coñecidos como "El botones Sacarino", "Rompetchos", "Pepe Gotera y Otilio" ou "La familia Trapisonda".



# FOMOS NOTICIA

## Pontevedra ► Magosto en el colegio de Ponte Sampaio

Los alumnos del colegio público de Infantil y Primaria de Ponte Sampaio disfrutaron de la tradicional fiesta del magosto, con una serie de actividades que giran en torno a la castaña, el producto típico del otoño. Los escolares jugaron, cantaron, comieron castañas y se embadurnaron la cara con ceniza.



## Entrega de premios en el Concello

[Concurso] Decenas de niños fueron galardonados por sus carteles de Navidad



## El colegio de Ponte Sampaio celebra hoy su 25 aniversario

Este fin de semana el colegio público de Ponte Sampaio celebra hoy el 25 aniversario de su fundación. En un programa de actividades que incluye una serie de actividades artísticas y deportivas, el colegio de Ponte Sampaio celebrará su 25 aniversario el día 24 de noviembre. El acto principal de la celebración será un concierto que se celebrará en el aula de música del colegio. En el programa también se incluye una exposición de trabajos realizados por los alumnos y un concurso de cuentos.



## Un mar de solidaridad para o Día da Paz

A Praza da Ferrería volverá a ser o vindeiro mércores escenario dunha das citas máis emotivas, a TV Xuntanza dos nenos pola Paz.

Pontevedra: O vindeiro mércores, día 30 de novembro, celebrará o Día Escolar da Paz e a non Violencia e os protagonistas da cita serán os nenos que se alincaron a un programa de xuntanzas...

## Pontevedra ► ESTELA D'ANGELO EN PONTE SAMPAIO

Estela D'Angelo, presidenta de la Asociación Española de Lectura y Escritura, impartirá en el colegio de Ponte Sampaio tres sesiones prácticas en el aula de lectoescritura en un proyecto de mejora de la calidad de la educación. Además, intercambiará experiencias con el profesorado.



## El Museo premia con viajes culturales a los alumnos de una decena de colegios

La institución entregó ayer los galardones de sus concursos para escolares de Pontevedra. Los ganadores recibirán viajes culturales organizados por el Museo de Pontevedra.



En la categoría de poesía, el ganador es el alumno de Pontevedra, el alumno de Pontevedra, el alumno de Pontevedra...

## PONTEVEDRA PRESENTA ILUSTRACIONES

El colegio público de Pontevedra presenta una exposición de ilustraciones realizadas por los alumnos de la escuela.



## PONTEVEDRA CIENCIA DIVERTIDA EN PONTE SAMPAIO

El colegio público de Pontevedra celebra una jornada de actividades científicas en Ponte Sampaio.



## PONTEVEDRA PONTE SAMPAIO VA DE EXCURSION

Los alumnos del colegio de Ponte Sampaio disfrutaron de una excursión organizada por el colegio.



## PONTEVEDRA ENTREGA DE PREMIOS DEL MUSEO DE PONTEVEDRA

Foto de familia de los niños galardonados por el Museo de Pontevedra por sus trabajos realizados dentro de los certámenes escolares.



Andrea Garcia Barreiro

5º de Primaria

### CEO, AS NUBES

O ceo. As nubes.

O ceo. ¡Só as nubes!

¿Por qué me trouxeches, irmá,  
de noite, á cidade?

¿Por que me alonxaches do ceo  
azul e das nubes brancas?

En soños, a nubarrada  
tírame do corazón  
se a puidera levar...

Irmá ¿por que me trouxeches acá?

Andrea

### EN PONTE SAMPALDO

Chove en Ponte Sampaio

meu doce amor

Margarida da miña vida

e da miña ledicia.

Chove en Ponte Sampaio

no inverno escuro

soño co son da túa voz

cando me dis palabras de amor.

Paseando pola orilla do mar

sinto a **chuvia** caer

ao redor da túa pel.

**Ponte Sampaio**

donde sempre

alomeu o sol

vese inundado

polas túas bágoas, meu amor...

Non chores, meu amor,

que, si ti choras,


non pode **quentarme o sol!**

Nerea G.F. 5º



A PANTASMA  
RARA e  
MARTÍN

Efraín Pena Barreiro



Escalma: Xanela Aberta

Dedícallo a miña familia e  
a todos os meus compañeiros  
de clase que son moi bo@s  
comigo.

## 1º Parte

### Unha pantasma na neveira

Un día Martín iba á neveira a coller un flan, e a neveira ficou ¡Huuuuuu! e Martín pegou un chimplo de susto. Chamou a súa nai, e ela díxalle que non podía ir, porque estaba fregando os pratos. Máis tarde Martín mirou outra vez dentro da neveira e ¡ZAS! Unha pantasma saíu de dentro dela, Martín estaba moi tranquilo porque pensaba que era a súa irmá que sempre está metendo medo a toda a xente, pero de súpeto a irmá de Martín, que

se chamaba Paula, saíu da súa habitación.

Ao día seguinte Martín esper-  
 tou e tivo  
 moito me-  
 do porque  
 a pantasma  
 estaba ali sen-




tado, encima dun baúl,  
 Martín escapouse da habitación corren-  
 do.

Máis tarde foi atenda a mercar pro-  
 ductos líquidos para facer unha mes-  
 tura con eles e despois beatarlla  
 a pantasma por riba dela,



botulle mel doce, dous caramelos de fresa, un chisco de azucre un pouca de zume de laranxa e unha botella enteira de Coca Cola. Ao seguinte día viu a pantasma sentada na cama de Martín e sen que se dera conta botulle a líquida e, de súpeto, cambiou de cor, pasou de laranxa a vermella entón dinme conta de que fixose boa polo xarope tan doce que fixen, oca non me metía medo ningún e fomos sempre amigos.



## 2ª Parte

Tenho unha nova amiga

Unha semana despois fun ao cole xio coa miña amiga a pantasma vermella, ensineille a falar e presenteille aos meus amigos.

O primeiro tiñan un pouca de medo pero despois fixéronse amigos dela.

Sempre, cando acabamos de comer, íamos ao parque, a pantasma e eu, ata



que un día foron e non había nadie, de súpeto apareceu un rinoceronte, os dous amigos estaban asustados e agacháronse

detrás d'un muro que había ali, Martín pensando... pensando...  
dica ¡Xa sei! Colherei o meu super líquido.

Foi a casa, calceu o seu in-  
vento e regresou ao parque  
pero a rinoceronte non estaba  
ali, estaban leuscando e bus-  
cando, pero nada, os dous ami-  
gos non a encontraron.

Ao día seguinte rebuscaron  
outra vez e ¡SI! ali estaba-  
comendo as verduras da nai de  
Martín. Martín non se atro-  
bía a ir a xunto del a botalle  
o líquido, pero foi a pantasma,  
como era transparente, botoullo pero

non pasou nada. De súpeto a rino-  
ceronte foi hacia el, e a irmá de  
Martín saíu de debaixo da rinoceron-  
te. Ela reíuse moito porque só  
era un disfraz que tiña Martín gar-  
dado no seu baúl. Martín enfa-  
douse moito e díxalle a súa nai,  
castigou a Paula pola que ficou e  
deixouna sen xogar á consola  
de Martín unha semana.

E colorín colorada a pantasma  
e Martín comeran un xebada.

Fragmento do traballo "MEDAS E BARDEIROS"

Premio "Alfredo García Alén" do Museo de Pontevedra

4º Curso de Primaria

Con posterioridade foron usados para o pau do palleiro, postes da luz (formigón) ou de teléfono (madeira con tratamentos de conservación).



Nalgúns casos, co obxecto de darlle máis firmeza e estabilidade para resistir os temporais de vento, suxéitase con tres ou catro paos, cravados contra o chan.



seu redor construíese unha plataforma cuadrada ou rectangular, "base do palleiro" ou "estrallo"; a uns 50 centímetros sobre o nivel do chan, colocada sobre catro apoios, un en cada vértice, normalmente de pedra.



Obxecto desta plataforma, construída con paus que se cruzan horizontal e verticalmente, e cuberta de videiras en moitos casos, é illar a palla do contacto co chan para evitar que se mollase ou humedecese.

Para a elaboración do palleiro eran necesarias, cando menos, dúas persoas expertas:

Unha que inicialmente se sitúa sobre a plataforma para ir colocando a herba e facendo o palleiro. Outra que, desde abaixo dirixe a construción.

A herba, antes de botala arriba, había que sacudila e soltala ben, "salfear a herba", traballo que facían tres ou catro persoas, segundo necesidades.

As dimensións do palleiro dependían da cantidade de herba a almacenar.



A persoa experta quedaba en terra e era a que ía orientando ao de arriba acerca de onde se tiña que ir poñendo máis ou menos cantidade, co obxecto de que o palleiro quedase bonito e ben feito, o que se tiña como un orgullo e era motivo de sana rivalidade. Cando a herba se ía acabando, o de abaixo dicía ao de arriba "vai cerando, quédanche



... feixes", co que o de arriba comensaba a estreitalo e, ao tempo, enrolando máis herba ao pao, para que quedase ben suxeita e evitar que se filtrase auga. Logo, finalmente e para evitar a entrada de auga, suxeítase ao pao, cun vimbrío ou corda, un bo "mollo" de palla de centeo ou aveia, dándolle forma cónica. Síñese cun aro de baril suxeito con dúas canas ou varas cruzadas "ghisos ou chusos".

Completase esta operación cravando na cima do poste un disco metálico ou colocando unha lata ou un caldeiro para evitar que se molbese o poste e se filtrase a humidade provocando a putrefacción.



"mollo"

facción do  
 No in-  
 era preciso,  
 o pasto do  
 ao gando, ben  
 rado e mes-  
 verde "empa-

Facer o  
 traballo duro  
 de pouco tempo  
 veciños tiñan  
 e no mes de  
 a haber tre-  
 se traballaba

das moitas veces pero con alegría, pois era media e  
 ao rematar, normalmente, había unha boa merenda.

o palleiro con herba de folgada era igual, pero  
 facíase en xullo e, por tanto, máis descansado.

"ghizoz"



pasto.  
 veino, cando  
 íase retirando  
 palleiro para dar  
 se ou semitritu-  
 turado con herba  
 llado".

palleiro era un  
 porque se dispoñía  
 pe, pois todos os  
 o seu por facer  
 máis acostuma-  
 bodas polo que  
 a marchas foron



## O CEIP de Ponte Sampaio cumple 25 anos

O centro comezou a funcionar o 10 de outubro do ano 1982



O profesorado e alumnado que ata entón se atopaba nas “Escolas Graduadas Mixtas” de Canicouva e Ponte Sampaio, inauguraron as instalacións. Eran 6 profesores/as baixo a dirección de Don Luis Andrés Villar García e 132 alumnos/as: 27 de Preescolar, 49 de Ciclo Inicial, e 56 de Ciclo Medio.



*“Chegaron a Ponte Sampaio enormes máquinas escavadoras e camiións cargados de “escombro”. Foron recheando a xunqueira á beira do río Verdugo. Pouco despois instalaron grúas e viñeron albaneis, fontaneiros, electricistas e carpinteiros. En pouco tempo a obra estaba rematada.”*

En 1982, ano do “Naranjito”, do mundial de fútbol en España, o 10 de outubro, botou a andar o Colexio de Ponte Sampaio. Disto hai xa 25 anos, e 17 desde que se fixeron obras de reforma e ampliación.

Ata o curso 93/94 o número de alumnado superaba os 150 , e os 200 desde o 84/85 ata o 89/90. Sendo o curso 87/88 o de maior alumnado (230).

O déficit de espazo nesta época supliuse coa colocación de aulas prefabricadas no patio do colexio.

Na actualidade funcionan 2 unidades de Educación Infantil e 5 de Primaria.

# Unha gran festa de celebración do 25 aniversario



Acto de presentación

O deputado do Parlamento de Galicia, Don Guillermo Meijón, e a concelleira de educación do concello de Pontevedra, dona Margarita Castejón, participaron nos actos. Durante a súa intervención felicitaron a toda a comunidade educativa e destacaron a importancia do traballo que se realiza nos colexios de infantil e primaria en favor de todos os nenos e nenas. Finalmente animaron a todos a continuar, polo menos, outros 25 anos máis.



Cuarteto de clarinetes BMP



## Cumpleanos feliz

Tódolos presentes cantaron o “Cumpleanos Feliz” e os nenos e nenas sopraron as velas dunha gran tarta. A continuación o grupo RIVEL animou aos máis cativos con xogos, bailes e cancións.



Un grupo de asistentes conversa con Don Luis Villar

## Unha xornada de reencontros

Pais/nais, representantes das distintas asociacións e antigos profesores/as e alumnos/as acudiron ao centro para visitar as instalacións, exposicións e participar nas actividades programadas.

Foi un día de recordos e reencontro con antigos compañeiros e profesores/as.

- Que cambiado está o colexio-comentaban.

3º CICLO  
Aula de Informática



Diversión co grupo de animación RIVEL



**PROGRAMACIÓN CULTURAL  
"DÍA DAS LETRAS GALEGAS"**

*Alumnado de 3º  
Aula de Informática*



O escritor e ilustrador **Manolo Uhía** explicounos o proceso de creación das ilustracións dun libro.



Arqueólogas do **Instituto de Estudos Galegos "Padre Sarmiento"** faláronnos da prehistoria e arte rupes tre. Fixemos fermosos petroglifos.

Grazas ao **Consello Regulador do Mel de Galicia** descubrimos o mundo das abellas e da apicultura. Realizamos un exercicio de cata do mel.



**Benjamín Míguez** sempre nos sorprende coas súas historias e debuxos. Nesta ocasión creamos animais fantásticos.



**Iago**, o contacontos, animou aos máis pequenos coas súas historias.



Os monitores de **Ciencia Divertida** faláronnos da reciclaxe, da xestión da auga e do efecto invernadoiro.



Viaxamos a Vigo para visitar a **Biblioteca Municipal** e a **Casa das Palabras-VERBUM**.

# ANO

# BIZESTO!!

Seguro que oites falar de que este ano é bisesto? Sabedes que é un ano bisesto?

É moi sinxelo. Un ano bisesto é o ano que posúe un día máis que os anos comúns, é dicir, ten 366 días no canto de 365 que é o habitual.

**2008**

Febrero Febreiro February

Lun Lun Mon	Mar Mar Tue	Mie Mer Wed	Jue Xov Thu	Vie Ven Fri	Sab Sab Sat	Dom Dom Sun
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29		

A razón de que ocorran anos bisestos é que a Terra non tarda exactamente 365 días en dar a volta ao Sol, senón que tarda aproximadamente 365 días máis 6 horas. Cada catro anos réiníase este sobranse anual de un cuarto de día que van a formar un día completo que é o que se lle engade o mes de febreiro, pasando a ter 29 no canto de 28 días.

Tradicionalmente os anos bisestos que teñen mala sona, e son moitos os refráns que fan referencia a eles:

- "Ano bisesto, entra a fame no cesto".
- "Ano bisesto, nin viño, nin casa, nin horto nin porto".
- "Ano bisesto, ano sinistro".

Sabido isto, apreciámonos o día máis e que non pose nada desto.

## RECEITAS:

Estou condenado a un ano e un día se este e cada catro non nome saberías?

5: ano bisesto



Unha dama moi fermosa co vestido todo de ouro; sempre está virando a cara, xa dun lado, xa do outro.


5: A lúa



Nenos e nenas de 4º

Que será unha cousiña cousa que pasa sempre pola túa porta e nunca che dá os besos días?

5: os besos



## SAY A POEM

My name's Ereckle,  
And I've got a frog.



My name's Wolfie

And I've got a dog.



My name's Witchy,  
and I've got a cat.



My name's Drac  
and I've got a bat.



My name's Ghost  
And I've got a bird.



My name's Frank  
And ... I haven't got  
a pet.



Alumnos de 3<sup>o</sup>.

## Supermercado na mar

Cargada vai a balea  
cunha boa garrafa.



Vinea e triste frocha  
e vai vender á praza.



-ivendo o churriño quente  
e o rosino de augardente!



O parroquiano tiburón  
ten a cora de mangallón.



Golfinho xunto á pia  
a súa casa adquilo.



Dona tartaruga e donpeixe globo  
venden queixo monteigoso.




-Queisiños e requesóns,  
especiais para lambóns.



A simpática medusa,  
vende fresca merluza.



A gambo vende marcillo,  
dona monta mantequilla.




Esta vendendo don centolo  
o riu "foa-gra" de polo.



Dona foca e don pingüino  
venden o xado fino.




Dous rapas son poetas,  
venden contos e cometas.



E o mellor do mercado  
e que todo é regalado.

Jesús Álvarez Puentes



Jesús

XII Certame de Poesía "Francisco Añón"  
1º Accésit: Jesús Álvarez Puentes - 5º curso

# O SOL

- Sol, ¿onde estás?
- Polo ceo me verás.
- Sol, ¿que gas?
- Saio todas as mañás.
- Sol, ¿que das?
- Peras e mazás.
- Sol, ¿que vés?
- O mundo do zoves.
- Sol, ¿que tes?
- Caxegas e mes.
- Sol, ¿vou casar?
- Deixame pensar.
- Sol, tesmo que contar.
- Si vas a casar.
- Sol, ¿lucirás?
- Seguro que me verás.



## UNE OS REFRÁNS:

- Cabeala grande,
- O que non ten mañás
- ¿Nardés escure ....?
- Abril grúa e xornas quentes,
- O cabeala regalada,

cállea cos ollos pechados.  
 ande ou non ande.  
 non come castañas.  
 alegría para os meus dentes.  
 vendaval segura.  
 Nenos e nenas de 4º.


# EXCURSIÓN AO VERBUM

No mes de maio fomos ao **VERBUM**  
ou **CASA das palabras**. Estaba na

SAMIL

Vigo

praia de Samil  
que en Vigo está  
que é moi chula e  
alí podes nadar.



No **VERBUM** vimos as paredes ador-  
nadas, o panel das onomatopeias, un xogo,  
planeta da igualdade, e moitas cousas máis!  
Logo fomos a comer as mesquitas da praia  
e xogamos un pouco nos bambíns.

Aprendin que son onomatopeias, como nos  
comunicamos, que hai que compartir, que as  
nenas e os nenos podemos ter as mesmas  
profesions...

Ainda que... non vin moi contenta porque  
vimos poucas cousas!!




# HIPOGRIFO

Eu son o **hipogrifo** un ser mitolóxico nacido do cruce entre unha **egua** e un **grifo**. O meu **lousto**, **ás** e **patas dianteiras** son do **grifo** e o resto do meu corpo, é como o **do un cabalo**. Teño o corpo de cor **alarancado**.

O meu **alimento** preferido son os **insectos**, pero tamén como **pasaros** e **pequenos mamíferos**. Os **hipogrifos** somos **ovíparos**, construímos **niños** no **terra** e ponemos un **só ovo** grande e frágil que **eclosiona** en **24 h.** As nosas **crias** poderán **voar** nunha **semana**, pero aínda pasarán **algúns meses** antes de que nos **podan acompañar** en **longas xorradas** de **voa**.

Aínda que somos **salvaxes** podemos ser **domesticados** por **persoas expertas**. Se te **queres** **achegar** a nos debes **mirarnos** **ollos** e **sen** **aportar** a **vista** **facer** unha **reverencia**, iso **demonstrará** que tes **boas** **intencións**, cando te **devalcamos** a **reverencia** **podés** **achegarte** **sen medo**.



# AVE FÉNIX

## AVE-FÉNIX

Son o AVE Fénix morto para renacer con toda a miña gloria. Viro no xardín do paraíso e aíño nun rosal. Cando Adán e Eva foron expulsados coa espada do anxo por os desterru, unha chispa prendeu o niño do Fénix, facendo que ardese este e o seu inquilino. Por ser o único bexta que se negou a probar a fruta do paraíso, os me concedaron varios dons, sendo, o máis destacado, o da inmortalidade a través da capacidade de renacer das miñas cinzas. Cando me chega a hora de morrer, fago un nido de especias e herbas aromáticas, poño un ovo e o choco durante tres días; o terceiro, arde e se queima, pero; eu RENAZO sempre UNICO sempre ETERNO


Alex Seoane (5º)

Alejo nati




# Instrumentos populares galegos

## GAITA



A gaita conta dun punteiro, un fol onde almacease o aire, un roncón que é o tubo que se apoia no ombro do gaiteiro e un ronquete que se apoia no antebrazo dereito.


## ZANFONA



A Zanfona aseméllase a un violín mecánico no que as cordas vibran pola fricción dunha corda que xira gracias a un manubrio. As notas cambian ao presionar un teclado.

# TARRAÑOLAS

Consistem en duas pezas independentes rectangulares cun asento para os dedos. Normalmente son de madeira, pero tamén se poden facer de louza, con dúas pedras lisas e mesmo con dúas



costelas de porco, segundo a zona coñecemos con diferentes denominacións: tarranolas, txaletas, castañetas, etc.


# BOMBO



O Bombo é un instrumento musical de percusión, consiste nun cilindro xeralmente de madeira no que se asusta unha membrana aos seus extremos. Esta membrana é de couro e é golpeado cun mazo para producir o son.

O tamboril é como o bombo pero máis pequeno

# PANDEIRETA



Pertence a los instrumentos idiófonos. Consiste en un arco de madera cubierto con un parche de piel, sujetado por otro arco de metal. Con unos tensores el intérprete regula la tensión del parche. Del arco de madera penden unas arandelas o sonajas.

En su ejecución, el intérprete golpea el parche y agita las arandelas.


## CHARRASCO



O charasco consiste nun longo masto ou mango de madeira que na parte superior leva un bastidor con varias aneis de ferro que soan ao bater un pau amarelado que vai dende o bastidor á parte intermedia do mango. Consíguese así un son similar ao de varias pandeiretas tocadas xuntas ao mesmo tempo.

po que se toca o instrumento, péitase a base do mango contra o char, marcando deste xeito o ritmo da pesada tocar.

## PANDEIRO



Na súa forma cadrada, o pandeiro é o instrumento de percusión máis característico de Galicia. A técnica de interpretación do pandeiro é moi semellante á do uello scuto co que se toca o pandeiro. A man esquerda toma o instrumento, cunhas dedos dan os golpes febles, e a dereita leva a

iniciativa, golpeando no centro ou no bordo segundo o mate necesario.



ADRIÁN

E. INFANTIL  
5 años



IRIA



MARTA



FERNANDO



ALBA P.



JOSÉ MANUEL



SAMUEL



LAURA



HÉCTOR




NOEL



NOA



ALBA B.



ROBERTO




ALEJANDRO

# PRANTAS MEDICINAIS DA BISBARRA




Tileiro

É unha árbore grande ramificada con follas lampiñas. Úsase como sedante, para os resfriados e dolores de cabeza, para cuida-la pel e convelencia.



Funcho

Ten o talo ramoso. As follas son redondas, pequenas e brancas. Úsase para facilitar a dixestión e incrementar a leite materna. Férvese a auga coas semellas, colase e sírvese.




Castiñeiro

O castiñeiro é unha planta arbórea de talo leño. É de grandes dimensións, con follas dentadas e fruto comestible. Usanse as súas follas feridas para aliviar a cagarrúa, a reuma e os dolores de estómago.




Allo

O allo ten follas planas e o talo ten dentes. Úsase para as picaduras e favorece a circulación, reduce o azúcar no sangue, preven as infeccións e é bo para as unhas.




RUDA

A ruda é unha planta medicinal, pequena con follas e flores amarelas. Úsase para aliviar o picor do cu cando hai lombrices e para curar as feridas. Primeiro hai que fevela.




EUCALIPTO

O eucalipto é unha árbore de talo leñoso. Ten as follas alongadas en forma de punta cun olor moi forte. Usos: axuda a respirar cando tes catarro tamén serve como antiseptico e alivia os dores producidas polo reumatismo.




HERBA LUISA

A herba luisa é unha herbácea medicinal, como varias ramirías xuntas, as súas follas son fracas e longas. Utilízase como infusión e sirve para calmar a dor de barriga ou estómago e dores mentuais.



ROMEIO

O romeo ten follas alongadas e punteiras de cor verde e as flores miúdas e moradas. Férvese a auga e despois tómake unha infusión. Para a gripe.



TOMINO

O tomino é un arbusto medicinal e ornamental. Serve para afeccións respiratorias, asma, afeccións da pel, dores reumáticas e ciáticas e lombrices intestinais.


ALUMNADO DE 5º

## Pontesampaio: Convivencia entre costumes

A parroquia de Pontesampaio, concello ata 1.956, depende hoxe en día do Concello de Pontevedra. É unha zona situada na beira dereita do río Verdugo, que desemboca na " Ría de Vigo".

O seu relevo está constituído por auteiros de rocha granítica, con ladeiras poboadas de pinos e eucaliptos. O pé dos outeiros exténdense as vargadas, terreos fértiles onde a xente cultiva: patacas, millo, centeo, etc. Tamén se sementa herba nas folgadas para o gando.

Pontesampaio foi unha vila de mariñeiros e agricultores noutros tempos. Esta ocupación segue sendo importante pero menos intensa.



Pola súa importancia histórica, a ponte romana é o elemento máis significativo deste pobo. Sufriu varias reconstrucións nas que se mezclaron diferentes estilos medievais. A reconstrución máis importante realizouse con poste-

rioridade á soada "Batalla de Pontesampaio", onde os heroicos lugareños dos arredores loitaron e venceron ós temidos franceses na Guerra da Independencia. En honor a esta batalla cabe destaca-la construción, por encargo, do monumento dos Heroes de Pontesampaio, que se encontra na alameda de Pontevedra. Tamén se colocou a placa conmemorativa desta batalla no comenzo da ponte.

Outro monumento a destacar é a pequena igrexa parroquial de Santa María de Pontesampaio, onde se combinan o estilo gótico e románico.

Unha vista pintoresca de Pontesampaio é a zona mariñeira da Cruxeira, onde as casas colgan en pendente cara ó mar.

Na ensenada do Bao está a "Illa de Medal", é unha illa pequena semellante a unha península pola existencia dunha ponte que semella un itsmo. Nela podemos contemplar un pombal, un mirador, un canastro, un pozo e árbores ornamentais que avivan a mixta paisaxe.

A "Illa do Castelo" atópase na desembocadura do río Verdugo. Está totalmente poboada de árbores. Di a lenda que o cruceiro que alí se atopa é unha conmemoración ós franceses que se enterraron nela.

Cara ó Nordes atópase a zona do "Pozo Negro", chamada así porque se descoñece a fondura das súas augas que moven os rodicios dos tres muiños dos que tan só un segue funcionando.



Dende a "Cova da Moura" no alto do Eido de Palleiro, podemos devisar unha excelente panorámica de Pontesampaio e da Ensenada de San Simón, fondo da Ría de Vigo. Subindo polo camiño vello de Acevedo, a través do monte da Landreira, pasamos pola capela de San Xosé da Landreira. Nesta capela, de un século de antigüidade, festéxase o dezanove de marzo de tódolos anos o día de San Xosé. Nos seus comezos facíase unha romería. Na propiedade na que está a capela atópase un pombal e unha edificación media derrubada. Seguindo o camiño cara a Acevedo podemos observar un cruceiro sobre unha rocha. Toódolos que pasan por alí poden pedir un desexo e botar algunha moediña. Xa de contado chegamos a Acevedo.

Acevedo caracterízase polos seus coñecidos muiños, os cales se poderían denominar monumentos culturais. Cada muiño ten o seu nome: O Muiño de Abaixo, o da Carriza, o do Pedreiro, o do Forniño e o de Arriba; deste pódese dicir que é o máis monumental. A zona dos muiños tamén se caracteriza polo verdor e a tranquilidade da súa paisaxe.

Acevedo caracterízase polos seus coñecidos muiños, os cales se poderían denominar monumentos culturais. Cada muiño ten o seu nome: O Muiño de Abaixo, o da Carriza, o do Pedreiro, o do Forniño e o de Arriba; deste pódese dicir que é o máis monumental. A zona dos muiños tamén se caracteriza polo verdor e a tranquilidade da súa paisaxe.

Na actualidade existe o centro cultural "O Peto", lugar de reunión de xoves e maiores. Outra das aldeas que forman parte de Pontesampaio é o Rañadoiro. No Rañadoiro pódese disfrutar da paisaxe litoral da Ría dende o miradoiro granítico situado no alto das Cambariñas. Ata hai aproximadamente quince anos a escola de Rañadoiro impartía clases ós rapaces de Acevedo, Vilar e Rañadoiro.

Polo Vilar pasa o río que nace nos montes da Fracha, este río desemboca na Ría de Vigo. Neste río hai gran abundancia de troitas e muxes polo que idoneo para a pesca.

Asinado: María Magali Roza García

María Paula Conde López

Verónica Conde Portela

Clara López Conde

ALUMNAS DE 8º

*Alumiños Nº 7*

*Curso 1994/95*



## REALIDADES UNA ANEXIÓN CONVENIENTE

El término municipal de Pontevedra queda ahora a 19 kilómetros de Vigo.

Leemos no Fato de Vigo do 3 de abril de 1960 que: "El ayuntamiento de Puentesampaio, limitrofe del de Pontevedra, había solicitado su anexión al Ayuntamiento de Pontevedra en acuerdo plenario de la reunión extraordinaria celebrada el 9 de Octubre de 1956.

Títulaa noticia o citado Diario como:  
"UNA ANEXIÓN CONVENIENTE".

O Consello de Ministros celebrado o 2 de abril de 1960 aproba dita anexión que é elevada a definitiva no decreto do 21 de abril de 1960.

Os motivos polos que a anexión considérase conxunte e positiva son os seguintes:

"Ambos municipios están vinculados por geografía, intereses espirituales y materiales e historia.

• La comunidad económica y social de las gentes que habitan este valle no ha podido quebrantarse a lo largo de los siglos, por imperio de una estéril división administrativa, como no pueden separarse de los gustos pontevedreses, la increíble hazaña de los Héroes de la Independencia devotando al Maviscal Ney.

• Por todo ello hoy, Pontevedra acepta la incorporación con entusiasmo."

Alberto 7º

# Estrela, ¿onde vas?

Estrela, ¿onde vas?  
Chorando vou polo sendeiro  
ás orillas do ceo.

Ceo, ¿onde vas  
polo universo vou buscando  
un lugar onde descansar.

Planeta, e ti, ¿que farás?  
Non quero dicirche nada  
Eu ... xurar e xurar

¿Que desexo, que non desexo?  
polo sendeiro, polo planeta...

Catros cometas sin rumbo  
no alto do ceo estan.



# Lenda

## "A CAMA DO HOME"

A lenda conta, que foi moitos anos un home tiña unhas campás de ouro. El quería as agachar, entón collou un carro de bois, meteu as campás dentro e foi monte arriba. Chegou a un campo donde había unha lagoa. O home non sabía que que a había e seguiu camiñando. O pouco tempo estábanse afundido na lagoa e de lama, os bois, o carro e as campás. O home, a causa do medo, botou a correr. Chegou a un sitio donde había unha pedra grande e lisa, o home sentiuse mal e tumbouse na pedra, donde morreu. A pedra foi collendo a forma do home, e por iso se lle chama agora, "a cama do home". E donde se enteraron as campás, o carro e os bois chámaselle "O campo dos mourros".



Esta lenda ocorreu no tempo da guerra.



Aí, polo século XVII, había dous condados, o de Soutomaior e o de Gondomar e non os tiñan limitado. Para poder limitalos reuníronse os dous e chega á conclusión de mandar un, ó castelo do outro, un criado de confianza e, cando o galo cantara, os condes saíran a caballo e, o onde se encontraran, alí sería o límite das súas propiedades, pero Pedro Madruga, que era moi listo, mandou ó seu criado que ás doce da noite encendera un candil no galiñeiro, e o criado fíxoo, e o galo cantou. Pedro Madruga montou no seu caballo, e púxose en camiño, tanto correu que cando o conde de Gondomar saía do seu castelo, Pedro Madruga xa estaba en el, entón o conde de Gondomar quedou abraiado ó velo, e díxolle "Madruga, Pedro Madruga".

Trabajo de Silvia (6º Curso)  
 ALOUMIÑOS Nº 10. Curso 1997/98

Traballo para o  
IX Sal3n do Libro  
"Cami3os sobre a mar"



CAMI3OS SOBRE A MAR

CAMI3ANTO  
O ANDAR  
ON AS TUAS PEGADAS O CAMI3O  
FAISE CAMI3O, E O VOLVER  
CAMI3ANTE,  
NON HA CAMI3O  
SE NON  
ESTELAS  
NADA M3IS,  
CAMI3A  
MIRASE A SENDA QUE  
NUN  
CA  
HA CAMI3O  
MIRASE A SENDA QUE  
NUN  
CA  
E TODO  
NOS

PASAR  
ENDO  
CAMI3OS

PANTASMA  
que me aparece  
a entranzas

CANCION PARA  
UN ANO DE PESCA

